

SOLICITUDE FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2018

Rexistro entrada

SOLICITANTE				
Apelidos e nome / Razón social:			CIF / DNI:	
Rúa:	Núm.:	Escaleira:	Andar:	Porta:
C.P.:	Poboación:		Concello:	
Teléfono de contacto:		Fax:	Correo electrónico:	

REPRESENTANTE				
Apelidos e nome:			CIF / DNI:	
Rúa:	Núm.:	Escaleira:	Andar:	Porta:
C.P.:	Poboación:		Concello:	
Teléfono de contacto:		Fax:	Correo electrónico:	

Solicito autorización para realizar a fogueira de San Xoán nas seguintes condicións:

Data:	Hora de comezo:	Hora de finalización:
Lugar exacto da fogueira:		Tipo: Fogueira: <input type="checkbox"/> Sardiñada: <input type="checkbox"/>
Dimensións da fogueira: Altura:		Diámetro:
Tipo de materiais a queimar: Restos forestais <input type="checkbox"/> Restos agrícolas <input type="checkbox"/> Restos vexetais <input type="checkbox"/> Madeira <input type="checkbox"/>		
Tipo de propiedade: Privada <input type="checkbox"/> Pública <input type="checkbox"/> Pública (praia) <input type="checkbox"/> Nome da praia:		
Características do terreo: Terra <input type="checkbox"/> Area <input type="checkbox"/> Asfalto <input type="checkbox"/> Formigón <input type="checkbox"/> Beirarrúa <input type="checkbox"/> Outros <input type="checkbox"/> Especificar:		
Medios de extinción propios: Manguera <input type="checkbox"/> Depósito de auga <input type="checkbox"/> Extintores <input type="checkbox"/> Boca de incendios <input type="checkbox"/> Hidrante <input type="checkbox"/>		

A persoa solicitante comprende, acepta e comprométese a cumprir as seguintes normas de prevención de incendios:

Para a realización da fogueira en terreo público deberá presentar esta solicitude no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Oleiros xunto cun plano de situación do lugar no que se vai a realizar a fogueira e unha fotocopia do DNI da persoa responsable.

A autorización outorgada non eximirá das responsabilidades por danos ou perdas, no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.

Non se poderán queimar plásticos, gomas nin calquera outra substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

Previamente ao seu inicio, farase una devasa mediante a eliminación da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros, rodeando o perímetro da fogueira.

Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control (ventos superiores a 25 km/h). Así mesmo, se iniciados os traballos se producise a aparición de vento apagarase a fogueira.

Non se abandonará a vixilancia da fogueira ata a súa total extinción.

As persoas organizadoras deberán coidar os arredores da fogueira e coñecer o número de emerxencias **112**.

Oleiros ____ de xuño 2018

A persoa solicitante/responsable:

Asdo

Espazo para a Administración:

NORMAS BÁSICAS PARA AS FOGUEIRAS DE SAN XOAN EN ESPAZOS PÚBLICOS E DE SEGURIDADE EN XERAL

A Área de Seguridade Cidadá do Concello de Oleiros establece as seguintes normas básicas e de seguridade para solicitar e celebrar as fogueiras de San Xoán:

1. As persoas que soliciten autorización para realizar fogueiras de San Xoán deberán presentar a solicitud no Rexistro Xeral do Concello de Oleiros antes das 14:00 h do 20 de xuño, achegando unha fotocopia do DNI da persoa responsable e un plano de situación do espazo público (en espazos privados non se necesita plano). As persoas responsables teñen que ser maiores de idade. A autorización outorgada non eximirá das responsabilidades por danos ou perdas, no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.
2. As persoas solicitantes atenderán as indicacións e requirimentos da Policía Local e do Servizo de Emerxencias e Protección Civil, que poderán supervisar o lugar da fogueira previamente a súa celebración ou ben mentres esta teña lugar.
3. As persoas solicitantes deberán coidar os arredores da fogueira e coñecer o número de emerxencias **112**. Previamente ao inicio da fogueira comprobaranse as medidas de prevención axeitadas (manguera, depósito de auga, extintores,...).
4. O desenvolvemento das fogueiras deberá axustarse ao permiso concedido, ás ordenanzas municipais e á lexislación vixente.
5. O volume da fogueira será o seguinte:
 - a. En zonas urbanas, o volume da fogueira non excederá os 5 metros de perímetro, nin un metro de altura e separarase dos edificios, árbores e mobiliario público o suficiente para non causar danos.
 - b. En zonas rurais, o volume da fogueira non excederá os 3 metros de perímetro nin os 3 metros de altura e separarase das edificacións, árbores e mobiliario público o suficiente para non causar danos. Previamente ao seu inicio, farase una devasa mediante a eliminación da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros, rodeando o perímetro da fogueira.
6. Porase especial coidado de non situalas debaixo dos tendidos eléctricos, telefónicos ou outros, nin tampouco se fará preto de locais onde existan produtos inflamables.
7. Non se poderán queimar plásticos, gomas ou calquera outra substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión, aínda que estes estean baleiros.
8. No caso de que unha fogueira se faga sobre terreos de uso público, os responsables encargaranse de que o lugar sexa o axeitado e nunca se poderá facer sobre zonas pavimentadas.
9. Ao finalizar a fogueira e antes de abandonar o lugar, as persoas responsables encargaranse de que a fogueira quede completamente apagada. Será obrigatorio limpar o espazo da fogueira ao rematar a actividade, deixando o espazo na súa situación previa ao inicio da fogueira.
10. Nos espazos públicos, e en especial nas praias, as fogueiras colocaranse en liña, afastadas do mobiliario e, en ningún caso se poderán queimar táboas con puntas nin elementos que puidesen causar danos aos usuarios das praias. As únicas praias permitidas para facer fogueiras son: Santa Cristina, Bastiaqueiro, Santa Cruz e Mera. No resto de praias e calas non estará permitido facer fogueiras para facilitar o servizo de limpeza.

DIRECTORIO TELEFÓNICO DE EMERXENCIAS		Concello de  Oleiros
▶ Concello de Oleiros		981 610 000
▶ Emerxencias 112		112
▶ Servizo de Emerxencias e Protección Civil de Oleiros		981 636 933
▶ Policía Local de Oleiros		981 610 001
▶ Garda Civil de Oleiros		981 610 067 / 062
▶ Ambulancias		061
▶ Urxencias médicas de Santa Cruz		981 614 901
▶ Radio Taxi		981 243 333
▶ Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe		981 626 241
▶ Información toxicolóxica		915 620 420
▶ Atención e Información sanitaria		902 400 116

EMERXENCIAS OLEIROS
Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil